

TÍTULO V

TÍTULO V

CORPORACIÓNS LOCAIS

CAPÍTULO ÚNICO. *Financiamento e cooperación económica coas corporacións locais*

Artigo 46.- *Participación das corporacións locais nos tributos do Estado.*

O crédito orzamentario inicial destinado ao pagamento das entregas a conta do actual exercicio que lles corresponde aos concellos e ás deputacións provinciais pola súa participación nos tributos do Estado, ascende a 778.968.000 euros.

Artigo 47.- *Fondo de Cooperación Local.*

Un.- A achega da Xunta de Galicia, con recursos propios, ao financiamento das entidades locais, farase efectiva a través do Fondo de Cooperación Local, como instrumento de participación específico daquelas nos tributos da Comunidade Autónoma.

Dous.- Conforme ao indicado na disposición adicional oitava da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, a porcentaxe, debidamente homoxeneizada, de participación do Fondo de Cooperación Local na recadación líquida dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da Administración xeral queda establecida no 2,4185471% para o exercicio de 2007.

Esa porcentaxe desagrégase da forma seguinte:

- Un 1,8945459% corresponde a un fondo principal que será obxecto de distribución entre tódolos municipios de Galicia.

- Un 0,3599439% corresponde ao fondo adicional establecido na disposición adicional sexta da Lei 13/2004, do 29 de decembro, para a súa distribución entre os concellos con poboación inferior a 15.000 habitantes.
- Un 0,1640573% asignaselle ao fondo complementario establecido no artigo 49.Dous da Lei 7/2005, do 29 de decembro.

Tres.- Adicionalmente, como consecuencia do acordo subscrito entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias, para o Pacto Local, o Fondo Complementario incrementárase en 6.000.000 de euros para o ano 2007.

Catro.- Polo que respecta aos Fondos Principal e Adicional mencionados no apartado Un deste artigo, os criterios de distribución continuaran sendo, en tanto non sexan modificados pola Comisión Galega de Cooperación Local, os establecidos no Decreto 5/2004, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Fondo de Cooperación Local durante o período 2002-2004, e esténdese ao ano 2007 as referencias incluídas na citada disposición sobre o ano 2004.

No referente á distribución do Fondo Complementario continuarán aplicándose, en tanto non sexan modificados pola Comisión Galega de Cooperación Local, os criterios establecidos no Decreto 197/2006, do 19 de outubro, polo que se regula a distribución do Fondo Complementario do Fondo de Cooperación Local, para o ano 2006.

Cinco.- A Comunidade Autónoma poderá reter das cantidades que lles correspondan aos concellos como participación no Fondo de Cooperación Local, para a súa posterior compensación, o importe das débedas firmes, líquidas e exigibles, contraídas polos concellos coa Comunidade Autónoma, cos seus organismos autónomos e coas entidades de dereito público da Comunidade Autónoma que non teñan que adecuar por lei a súa actividade ao ordenamento xurídico privado.

Artigo 48.- *Transferencias derivadas de convenios ou subvencións.*

As transferencias ás entidades locais de Galicia, derivadas da subscrición de convenios ou da concesión de subvencións, que figuran recollidas nos diferentes programas de gasto destes orzamentos, ascenden a 275.263.360 euros.

Artigo 49.- *Créditos totais asignados ás corporacións locais.*

O montante total dos créditos asignados ás corporacións locais nestes orzamentos ascenden a 1.160.498.420 euros. A distribución por funcións do seu importe figura recollida no anexo 3.

